



A Coordinadora Galega de ONGD transmite as súas condolencias ás familias das voluntarias falecidas en Perú

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD) transmite as súas condolencias ás familias das catro voluntarias españolas falecidas onte en Perú en un accidente de tráfico. As vítimas colaboraban como voluntarias en distintos proxectos de cooperación ao desenvolvemento na zona de Cuzco.

Perú é un dos países prioritarios de actuación para a cooperación galega e española e, polo tanto, unha das zonas nas que hai maior presenza de cooperantes (persoal especializado e contratado por algunha ONGD ou institución) e persoal voluntario, aquel que colabora con organizacións locais ou estranxeiras.

Dende 1998, foron catro os cooperantes galego que morreron mentres desenvolvían o seu traballo solidario no exterior en prol dun mundo máis xusto. Tres deles morren a causa de accidentes de tráfico en Perú. O 8 de setembro de 2009, coincidindo co Día do Cooperante, a Xunta de Galicia homenaxeou o traballo desenvolvido por estes catro cooperantes no que constituíu un acto de memoria e de xustiza no seu recoñecemento.

Para máis información

Area de comunicación externa da CGONGD

Contacto: Helena Capera Cullell

Tel: 981 585 189

M: 606 252 439

E. sensibilizacion@galiciasolidaria.org